



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 17 de marzo de 2016, á vista das avaliacións achegadas polas Comisións de Farmacia e Terapéutica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol e, Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

ERIBULINA

no tratamento de pacientes adultos con cancro de mama avanzado ou metastásico con progresión da enfermidade despois de polo menos dous rexímenes de quimioterapia para a enfermidade avanzada.


Ademais os pacientes deben cumprir os seguintes criterios clínicos:

- A terapia previa debe ter incluído antraciclinas, taxanos e capecitabina no ámbito adxuvante ou metastásico, a menos que estes tratamentos non se consideren adecuados para as pacientes.
- A utilización previa de vinorelbina valorarase en función das características clínicas da paciente e outros factores relevantes.
- Estado xeral e funcional conservado (ECOG 0-1), ou expectativa de vida de polo menos 3 meses.

Tendo en conta, as limitacións derivadas do relativo baixo tamaño de mostra dalgúns subgrupos e principalmente, a falta de consistencia nos resultados observados respecto ao estatus HER2, ou triple negativo non parece adecuado restrinxir o tratamento en ningún destes subgrupos.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2016

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica



Jorge Arenal Viñas

COMISIÓNS DE FARMACIA E TERAPÉUTICA DOS CENTROS HOSPITALARIOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE